

Un dos problemas –eu diría que definitivamente irresoluble– que deixou o franquismo foi a destrución da memoria. Ou aínda peor: a imposibilidade de refacer con obxectividade toda a memoria colectiva. De acordo coa lóxica elemental de que “os inimigos do meu inimigo son os meus amigos”, despois da derrota de 1939 houbo nas sucesivas xeracións de anti-franquistas unha asunción –case sempre acrítica– dos que combateron contra o bando nacional na guerra e contra a ditadura, despois.

Unha desmemoria que afectou especialmente aos autores de actos violentos inxustificables. Un caso, entre moitos outros, sería o da mitoloxía anarquista que esquece as prácticas, propias dunha banda de gángsters, da FAI, cuxos pistoleiros asasinaron en 1936 aos irmáns Badia (membros de Estat Català ao servizo da policía da Generalitat) e ao xorna-

A narración de Stein vén ser a crónica dunha decepción

lista Josep Maria Planas. Un dos asasinados e autor de diversas mortes, José Bueno Pérez, foi fusilado en 1944 no Camp de la Bota barcelonés. Chegada a democracia, o seu nome foi merecedor –paradoxalmente– de recoñecemento público como “inmolado polas liberdades de Cataluña” malia a protesta de historiadores como Josep Benet.

Esa desmemoria –transformada a realidade en mito co paso dos anos– chega tamén ás Brigadas Internacionais e a quen foi o seu principal responsable, André Marty. A publicación das memorias de Sygmunt Stein (1899–1968), comunista xudeu de orixe ucraniana, volve poñer no centro da polémica o papel do comisario estalinista, coñecido pola súa crueldade como “o carnicero de Albacete”. Escritas orixinalmente en xidish (tiñan que aparecer no xornal no-vaioqués *Der Forverts*), non viron a luz ata 1961. Reeditadas en francés en 2012 (*Ma guerre d'Espagne*), agora vén de aparecer a edición catalá co título *Brigades Internacionals. La fi d'un mite* (Edicions de 1984).

A narración de Stein é a crónica dunha decepción,



André Marty no centro da fotografía (1937). Na imaxe da dereita, Sygmunt Stein (1899–1968).

a do engano de Stalin cara ás autoridades da República Española, cara á entrega dos militantes comunistas do PCE–PSUC e cara aos



estranxeiros, idealistas e solidarios, que non dubidaron en achegarse a España para combater o fascismo. Cando Stein regresou a Checoslovaquia, atopou a brutalidade dos Procesos de Praga contra veteranos da guerra de España (e que retratou esplendidamente Costa Gavras en *A confesión*, sobre a biografía de Artur London, en 1970).

Da brutalidade de André Marty en Albacete xa había abundante noticia, así como das súas orxías con militantes comunistas (fama que non levou Luigi

Longo, comisario da Brigada Garibaldi e secretario xeral do PCI nos anos '60). Malia a suposta heroicidade dos seus antecedentes, cabe sospeitar da integridade mental de quen dirixiu as Brigadas Internacionais (na década dos '50 opúxose a Thorez porque este quería desestalinizar o PCF). Boa proba diso é que ninguén nunca vindicou a súa ascendencia catalá (naceu en Perpiñán).

Pero a utilización interesada pola URSS da Guerra Civil española non respondía a unha estratexia ideolóxica –

malia o papel da Kominintern– senón de defensa nacionalista de Rusia: rivalizando coa Alemaña nazi e a cambio dun pouco armamento, obtivo dunha República española desesperada un alto prezo en ouro.

Desde a distancia do tempo, convén relativizarmos os laios, ou certos laios polo menos. Non cabe dúbida que os máis daqueles brigadistas –que nunca antes colleran un fusil– viñeron a España por idealismo, empresa que quedou envolta dunha profunda carga romántica. Pero esa memoria non pode resultar aldraxada polo desvarío dos que viñeron apenas polo seu propio interese. Por iso é comprensible, pero non aceptable, a decepción dos comunistas profesionais que nos primeiros meses da guerra española non se decataram da perversidade do estalinismo: é que unha ideoloxía totalitaria nunca pode ser inocente.



Brigadistas italianos nas rúas de Barcelona (1937).

Contra o mito das Brigadas

Seiymunt Stein e a crueldade de André Marty

JOAQUIM VENTURA

Pasados 75 anos, a historiografía (e non só a revisionista) tende a igualar –sen apoloxía– a presenza estranxeira no bando republicano e no bando nacional (Lexión Cóndor, o Corpo de Tropas Voluntarias italianas e, en menor media, os Viriatos portugueses), os primeiros case sempre civís e os máis dos segundos, militares.

As autoridades franquistas mantiveron a memoria da axuda dada pola Italia fascista e a Alemaña nazi. Algúns obxectos foron retirados hai tempo, como o de Barcelona (1980); outros máis recentemente, como a placa que o goberno ale-

mán retirou –contra a opinión do alcalde Ruiz Gallardón– do cemiterio madrileño da Almudena ou o monolito da base de Pollença.

A recuperación da memoria

A memoria dos estranxeiros

dos derrotados ten que levar a superar o sectarismo. Sen ir máis lonxe, en Vilajuíga hai aínda unha

estela dedicada ao piloto Heinrich Windemuth. Quen o derribou o 6 de febreiro de 1939, Josep Falcó –piloto republicano recentemente desaparecido– confesou

que era el quen, sempre que podía, limpaba e deixaba flores na sepultura doutro derribado alí aquel día, Hans Nirminger. Lembranza, xa que logo, exenta de calquera sorte de revanchismo, pero sen empregar argucias legais para negala, como acontece, sen embargo, co modesto monumento ás Brigadas Internacionais na Complutense,

mentres o veciño Arco da Vitoria segue incólume